

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE MAIO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de maio de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 14 de maio de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ADXUDICACIÓN DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DE SERVIZO DE BARRA/BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DO “III SABOR LABREGO RODEIRO 2026”

De conformidade co disposto por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 14 de maio do corrente, procedeuse á licitación pública dunha

licenza de uso común especial para instalación do servizo de barra/bar durante a celebración do “III Sabor Labrego Rodeiro 2026”. Publicouse a correspondente licitación no Perfil do Contratante do Concello en data 15 de maio de 2026.

Durante o prazo de presentación de proposicións, que rematou o día 20 de maio de 2026, recibíuse no Rexistro municipal a seguinte:

- ✓ Eventos Piñeiro S.L. (RE núm. 641, do 20/05/26)

Procedeuse polos servizos técnicos municipais á apertura do sobre coa única proposición presentada, á comprobación dos requisitos esixidos e á valoración da mesma segundo o criterio de adxudicación do prego, co seguinte resultado:

LICITADOR	CIF	PREZO OFERTADO	PUNTOS
EVENTOS PIÑEIRO S.L.	██████████	2.502,50 €	20

Visto o actuado e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar a licenza de uso común especial para a instalación do servizo de barra/bar durante a celebración do “III Sabor Labrego Rodeiro 2026”, á sociedade EVENTOS PIÑEIRO S.L., con CIF núm. ██████████ e con domicilio social en Silleda, no prezo de DOUS MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (2.502,50 €).

Segundo.- Notificar o presente acordo á adxudicataria.

Terceiro.- Requirir á adxudicataria para que no prazo dun (1) día hábil, e en calquera caso con anterioridade á instalación da barra/bar, acredite ante o Concello a subscrición dun seguro de responsabilidade civil, así como do pago da correspondente prima, nas condicións fixadas na cláusula novena, apartado 3 do Prego de cláusulas.

3.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade CONSTRUCCIONES TABOADA RAMOS S.L., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 349, do 20/05/26), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante seguro de caución da entidade aseguradora ASEFA S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, estendido con data 27/10/20 (rexistro núm. [REDACTED]), por importe de DOUS MIL SETECENTOS QUINCE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (2.715,80 €), en concepto de garantía definitiva da obra de “*Mellora de camiño municipal dende Vilameá de Negrelos a Lama de Mena*”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FERRODEIRO S.L. 1.524,60 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. VG/26-000791.
- I2C INSPECCIONES S.L. 363,00 €
Por traballos de inspección regulamentaria de baixa tensión no polideportivo municipal, s/factura núm. 2026-IR0192.
- AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL S.L.U. 1.391,50 €
Honorarios por redacción do Plan de autoprotección do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. FT0134178.
- MIGUEL CONDE VALES 66,55 €
Por utilización de camión grúa con cesta para reparación no alumeado público, s/factura núm. C-2026074.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 240,79 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 38/26.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 597,70 €
Por reparación do alumeadado público no lugar de Mouriz danado por sinistro, s/factura núm. 37/26.
- PABLO GARCÍA PAIS 462,87 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. S-202500087.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 98,95 €
Por subministro de combustible a vehículo municipal, s/factura núm. FA-679.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.140,31 €
Por subministro de combustible á maquinaria da Mancomunidade, s/factura núm. FA-678.
- FERRODEIRO S.L. 590,86 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. VG/26-000792.
- ALS LIFE SCIENCES GALICIA S.L.U. 1.661,70 €
Por análíticas de salubridade da auga de consumo, s/facturas núm. L2 3151, L2 5013 e L3 288.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.610,52 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo, s/factura núm. FA-677.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)